



Como vén sendo costume desde hai uns cantos anos, o Museo Provincial de Lugo quere celebrar as festas deste Nadal 2010 con todos aqueles e aquelas que compartan a mesma ilusión por coñecer, conservar e pór en valor o noso patrimonio cultural.

Elaboramos un programa que pretende satisfacer a todos os que desexen achegarse ao museo: obradoiros moi variados para aprender e gozar, pensados para os máis novos; exposicións, algunhas curiosas, sorprendentes, con temáticas moi diferentes e coas que pretendemos satisfacer case todas as inquiredanzas; intervencións na exposición permanente que propoñen novos puntos de vista para ver o museo, concertos con instrumentos nada correntes, visitas guiadas, a revista oral “O pazo das musas” e outras suxestións que teñen o obxectivo de complementar a tradicional emotividade destas datas.

OBRADOIROS

» AS CRIATURAS DE IVÁN

Aproveitando a estadía temporal das “criaturas” de Iván Prieto na sala 22 do MPL (Proxecto: Diálogos), propoñémvos dialogar con el e coas súas creación para, segundo as súas instrucións, imitar o proceso creativo do artista: da idea ao papel, do papel ao volume... poñamos que modelado en plastilina. E xa terás unha criatura de teu.

Idades: de 6 a 12 anos
Horario: de 12:00 a 14:00 horas
Prazas: 15
Coordinación e desenvolvemento: Iván Prieto
Datas: 23 de decembro de 2010
Inscripcións: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

» **ORIGO LUCENSIS, CIVES ROMANORUM**
Obradoiro-concurso inspirado en personaxes de época romana. A primeira xornada confeccionaremos atrezo, escudos, espadas, cascos... con materiais reciclables; a segunda xogaremos polas salas do museo superando probas de personalidade, habilidade, intelixencia... Todos os participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación na actividade e o título de cidadán romano.

Idades: de 9 a 12 anos
Horario: de 11:30 a 13:30 horas
Prazas: 15
Coordinación e desenvolvemento: Asociación Cultural *Caetra Lucensium*
Datas: 27 e 28 de decembro de 2010
Inscripcións: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

» **CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS**
Iniciación á nobre arte dos *lutiers* ou construtores de instrumentos musicais. Unha experiencia que pode ser o comezo dunha gran amizade coa música e con algún dos instrumentos cos que produce.

Idades: de 6 a 12 anos
Horario: de 11:30 a 13:30 horas
Prazas: 15 en cada quenda
Coordinación e desenvolvemento: María Ruíz e Abraham Cupeiro
Datas e quendas: 3 de xaneiro (1ª quenda) e 4 de xaneiro de 2011 (2ª quenda)
Inscripcións: Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

EXPOSICIÓNS

Sala de Exposicións do Museo Provincial
» **Museo do Prado. Os depósitos no Museo Provincial de Lugo** (do 29 de outubro ao 13 de febreiro de 2011).

» **Visitas técnicas** para estudantes de arte e público en xeral, a cargo da comisaria da exposición, María Quiroga.
» Mércores, 15 de decembro de 2010, ás 19:30 horas.
» Mércores, 12 de xaneiro, ás 19:30 horas.

» **Visitas guiadas** para grupos familiares e público en xeral, todos os sábados, ás 12:30 horas.

Refectorio do Museo Provincial
» **Premios Fundación ANADE** (do 1 ao 12 de decembro de 2010).
» **Musicum Museum. Exposición de instrumentos musicais** (do 20 de decembro ao 9 de xaneiro de 2011). Colección de Abraham Cupeiro.
» **Concerto: Maní & Cupeiro Quartet**
Grupo de jazz formado por músicos galegos que basa o su repertorio fundamentalmente no jazz de finais dos anos 40 proporcionándolle unha visión contemporánea. Sábado, 8 de xaneiro de 2011, ás 19:00 horas.

Sala do Pazo de San Marcos
» **Un ceo de farrapos. Luis Moscardó** (do 14 de outubro ao 12 de decembro de 2010).
» **Eloxio da distancia. Fotografías de Cecilia Orueta** (do 17 de decembro ao 31 de xaneiro de 2011).

EXPOSICIÓNS ITINERANTES (xestionadas polo MPL)
» **Inquedanzas, de Hixinio Flores, en Viveiro**
Sala de Exposicións do Centro Comarcal da Mariña Occidental, Viveiro (do 5 de novembro ao 3 de xaneiro de 2011).
» **A Muralla no Museo / The wall-A Muralla (Peter Schneider)**
Sala de Exposicións do Auditorio de Vilalba (do 2 de decembro de 2010 ao 7 de xaneiro de 2011).

OUTRAS PROPOSTAS

» **O MUSEO COA MURALLA**
O MPL quere celebrar con todas e todos o X Aniversario da Declaración da Muralla de Lugo por parte da UNESCO como *Patrimonio da Humanidade*. Con este fin programou dúas mostras expositivas denominadas “A Muralla no Museo” e “The wall-A Muralla (fotografías de Peter Schneider)” que se puido contemplar na sala de exposicións do propio MPL desde o 19 de xullo ao 30 de setembro de 2010. Esta exposición anda agora en itinerancia por distintas salas da provincia de Lugo. Pero, ademais, coincidindo coa data exacta en que se cumpre este aniversario o Museo convócaos a visitar a Sala Multiusos do MPL para contemplar a proxección dun vídeo-documental sobre as actividades realizadas arredor da efeméride e os contidos que o MPL conserva vinculados á Muralla.
» Proxección dun vídeo-documental da autoría de Enrique Alcorta que resume todas as actividades que o MPL desenvolveu durante este ano 2010 para conmemorar esta efeméride.

» **PROXECTO: DIÁLOGOS**
Intervención de Iván Prieto. Sala 22 do MPL (do 25 de novembro ao 13 de febreiro de 2011).
» Xoves, 25 de novembro, ás 19:30 horas: Visita guiada comentada polo comisario da intervención, Rafael Lens, e polo artista, Iván Prieto. Entrada libre.

» **REVISTA ORAL: O PAZO DAS MUSAS, nº 24**
Data: xoves, 30 de decembro de 2010
Horario: 20:00 horas
Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo
Duración aprox.: 1:30 horas
Para todas os públicos. Entrada libre

» OUTRAS MIRADAS PARA COÑECER O MUSEO: O MOSAICO DE ARMAÑÁ

Visita guiada de carácter técnico para observar *in situ* o desenvolvemento dos traballos de restauración e consolidación que se están realizando, así como os distintos procesos (exhumación, traslado, montaxe...) aos que foi sometido este mosaico desde a súa descuberta en 1986.

Dirixido a: Grupos escolares (3º e 4º de ESO, BAC, Ciclos e Universidade) e outros colectivos interesados, previa concertación.
Concertación: Departamento de Didáctica do MPL. Tfno.: 982 242300 / 982 242112 / didactica@museolugo.org.
Datas: 3, 10 e 17 de decembro de 2010, polas mañás.
Duración aproximada de cada visita: 40 minutos.
Responsable técnico da visita guiada: Rosa Benavides García, Restauradora (especialista en Arqueoloxía).
Coordinación xeral: Departamento de Arqueoloxía/ Historia do MPL.

» **CONCERTO: Maní & Cupeiro Quarter**
O sábado 8 de xaneiro de 2011, ás 19:00 horas. Grupo de jazz formado por músicos galegos que basa o su repertorio fundamentalmente no jazz de finais dos anos 40 proporcionándolle unha visión contemporánea.

NOTA IMPORTANTE
O prazo de inscrición para as actividades que o requiran considérase aberto a partir do anuncio desta convocatoria nos medios de comunicación habituais e ata que se cubran as prazas previstas por rigorosa orde de inscrición. Matrícula gratuíta.

Entrada gratuíta

Horarios de visita
» Museo Provincial de Lugo
» Sala de Exposicións do Museo Provincial
» Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos (Deputación Provincial)
Luns a venres: 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas
Sábados: 10:30 a 14:00 e de 16:30 a 20 horas
Domingos e festivos: 11:00 a 14:00 horas
Pechado os días: 24, 25 e 31 de decembro, 1 de xaneiro (Aninovo) e 6 de xaneiro (Reis)

Contacto
Museo Provincial de Lugo
Praza da Soidade s/n
27001 Lugo
Telf. 982242112 / Fax 982240240
info@museolugo.org
www.museolugo.org